

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-B-IV-21

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, vai ler vostede un artigo no que se recollen algunhas reflexións sobre o dereito a votar. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Algunhas reflexións sobre o dereito a votar

Deberían poder votar os nenos? Deberíamos perder ese dereito ao chegar a certa idade? Deberíamos demostrar determinados coñecementos políticos para poder elixir os nosos representantes parlamentarios? Debería ser obrigatorio votar?

Presentámoslles estas preguntas polémicas e incómodas a politólogos, sociólogos e filósofos. As respostas resultan estimulantes e invitan á reflexión sobre como nos organizamos como sociedade.



Epistocracia

Hai un tempo saíu ao mercado un ensaio polémico de Jason Brennan, profesor de Filosofía na Universidade de Georgetown, no que sostén que, malia parecer de sentido común que todos teñamos dereito ao voto, a miúdo o votante medio adoita estar mal informado e, para remedialo, propón unha alternativa: a epistocracia. Un sistema no que o voto «dos que saben» valería máis.

«A idea de que os votantes non están suficientemente preparados é moi vella», di o catedrático de Filosofía da Complutense José Luis Pardo. «Forma parte dos argumentos que se utilizaron cada vez que se suprimiu a democracia. “Liberdade para que?”, dicía Lenin para defender a ditadura do proletariado. É dicir, do Partido, que é quen decide quen é o proletariado».

Segundo Pardo, «a intención de Brennan é boa e os problemas que detecta son reais», pero, desde o seu punto de vista, «os que verdadeiramente mandan na epistocracia son os que deciden quen son os que máis saben» e estes, engade ironicamente, «non teñen ningún título que os acredite para tomar esa decisión».

Algo parecido opina Cristina Monge, profesora de Socioloxía na Universidade de Zaragoza: «Coincido con Brennan no diagnóstico: unha democracia de calidade precisa unha sociedade formada e informada, pero lamentablemente o problema é moito máis complexo».

Monge cre que a epistocracia atenta «contra os cimentos da democracia» porque «sabemos que o coñecemento non é neutro e as simulacións moito menos», polo que, malia concederlle a Brennan o mérito de axitar o debate, ela prefere «avanzar no coñecemento de como conseguir sociedades mellor formadas e informadas».

Voto obrigatorio

Aina Gallego mostrounos en varios artigos como a educación é un factor fundamental para explicar a participación nas eleccións: canto maior é o nivel educativo, maior é a participación. E isto representa un problema porque tamén sabemos que canto menos equitativamente está distribuída a participación —isto é, uns grupos sociais votan máis ca outros— menos representativas son as políticas que se executarán. Os nosos representantes teñen máis incentivos para priorizar os asuntos que lles preocupan aos votantes e non ao resto da cidadanía.

É por esta razón —aumentar a voz dos sectores menos poderosos— pola que determinados autores defenden a implantación do voto obrigatorio. Estudos como os de Fowler e Singh sinalan que a abstención é máis alta entre os sectores máis pobres, as mulleres, os grupos sociais discriminados e os habitantes de zonas apartadas, o que reforza o ciclo de exclusión dos seus intereses no sistema político.

A obxección ao deber de votar é que vai contra a liberdade do cidadán, pero, en realidade, deixa intactas as opcións actuais, porque non se trata de votar por alguén, senón de ir votar. Ademais, os que ven na abstención un acto de protesta poden facer máis explícito o seu descontento votando en branco ou marcando erroneamente o voto para facelo nulo.

A maioría de idade

Tamén aparece de vez en cando o debate sobre a idade a partir da cal podemos votar. Por que 18 e non 16... ou 12? Elba Maneiro, investigadora da Facultade de Políticas da Universidade de Santiago de Compostela, lamenta que a miúdo se banalice este asun-

to e que a discusión se reduza a que partido podería saír beneficiado cando o dese- xable é «aumentar a masa de electores para que sexa o máis representativa posible».

«A maioría de idade é variable histórica e culturalmente, pode modificarse se cambian as circunstancias», sostén José Luis Pardo. «Pero calquera que sexa a idade na que a fixemos —15 anos, por exemplo—, sempre nos parecería que é inxusto que non poidan votar aqueles aos que lles faltan 10 días para ter esa idade. É como se nos pa- recese inxusto que non nos toque a lotería porque o noso décimo ten todos os díxitos do premiado menos un».

Cristina Monge explica que «a nosa pirámide poboacional fai que a xuventude teña menos peso nas eleccións» e, ademais, malia ser a que «vai vivir no mundo que re- sulta de cada elección», é un dos sectores máis abstencionistas, de maneira que, na súa opinión, «baixar a idade de voto aos 16 anos» pode contribuír a «compensar esa desviación».

O futuro nas mans dos maiores?

Se se cumpren as proxeccións do Instituto Nacional de Estatística, dentro de 15 anos un de cada catro españois será maior de 65 anos. Ten sentido que a súa opinión sexa tan determinante para o futuro dun país? Non é paradoxal que as persoas maiores acaben decidindo cuestións clave que lles acabarán afectando aos máis novos?

Hai argumentos a favor e en contra. «É un tema moi polémico», di Elba Maneiro. «En España, a xente maior pódete dicir que loitou polo teu dereito ao voto. Como llelo vas quitar a eles?».

Cristina Monge recoñece que a solución é complexa e que en ningún caso pasa por vincular o dereito a votar á vida laboral, senón por cumprir, polo menos, con dous re- quisitos: «Que os máis vellos consideren as consecuencias a longo prazo das súas decisións e que a mocidade maior de idade acuda ás urnas de forma masiva, que non é o habitual».

José Luis Pardo considera que vincular o dereito ao voto á produtividade económica resultaría tan disparatado como facelo co «resto das liberdades civís» e tira de novo de ironía para preguntarse se non deberíamos modificar a idade de voto en cada elección «para conseguir que o resultado sexa o que máis nos conveña».

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que se indica no texto sobre a epistocracia? ■ Segundo o texto, debería ser obrigatorio votar? ■ Que se di no texto sobre a idade mínima para poder votar? ■ E sobre o voto das persoas maiores? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** O sufraxio non debe ser universal, só deben votar as persoas que estean preparadas.
- B.** Co voto obrigatorio conseguiríase unha representación máis equitativa de todos os sectores sociais.
- C.** Deberíase rebaixar a idade de voto aos 16 anos.
- D.** As persoas maiores non poden decidir co seu voto o futuro das xeracións novas.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

O sufraxio non debe ser universal, só deben votar as persoas que estean preparadas

- Cal é a súa opinión sobre a chamada epistocracia?
- Cre que sería conveniente que o electorado tivese que demostrar certos coñecementos para poder votar? Por que?
- Como lle parece que se podería decidir quen pode votar e quen non segundo a súa formación?
- Pensa que votar sen a suficiente información pode ir contra os propios intereses?
- Sería conveniente introducir unha materia na escola que nos formase e nos dese información sobre aspectos da vida cidadá? Por que?
- Pensa que unha sociedade máis formada e mellor informada é unha sociedade máis capacitada para votar? Por que?
- Considera que somos conscientes da importancia do noso voto? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

Co voto obrigatorio conseguiríase unha representación máis equitativa de todos os sectores sociais

- Pensa que os resultados serían máis xustos se o voto fose obrigatorio?
- Se o voto fose obrigatorio, implicaríámonos máis e intentaríamos estar máis informados? Por que?
- Habería que implantar un sistema de xustificación por se ese día non se puidese ir votar? Por que?
- E algunha sanción/multa para quen non fose inxustificadamente? Cal?
- Cales serían para vostede as razóns que xustificarían non ir votar?
- Por que cre que en momentos de crise a porcentaxe de participación nas votacións se incrementa?
- Como se lle ocorre que se podería conciliar o dereito á abstención co voto obrigatorio?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

Deberíase rebaixar a idade de voto aos 16 anos

- Cre que habería que adoptar algunha medida para facer valer máis o voto da xuventude? Ocorréselle como se podería facer?
- Lograríase un maior equilibrio electoral entre os maiores e a mocidade?
- Pode ser que a xuventude actual teña unha maior formación e información que as xeracións pasadas? Isto faría que os seus votos fosen perfectamente cualificados?
- Que lle parece que aos 16 anos se poida decidir sobre contraer matrimonio ou que se sexa penalmente responsable e que, non obstante, non se poida votar?
- Cre que, se se rebaixase a idade de voto aos 16 anos, os partidos políticos se centrarían máis nas políticas de xuventude?
- Deberían votar os nenos? Poderían os pais ou os titores exercer o voto na súa representación?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

As persoas maiores non poden decidir co seu voto o futuro das xeracións novas

- Que lle parece a idea de limitar a idade para votar por arriba, igual ca por abaixo? De facelo, cal sería segundo vostede a idade a partir da que xa non se podería votar? Por que?
- Sería xusto que as persoas maiores non puidesen decidir sobre os seus representantes políticos? Por que?
- Que opina de que unha maioría de persoas maiores estea decidindo o futuro da minoría de mozos?
- Por que cre que as persoas maiores participan máis nas eleccións?
- Cales cre que serían as consecuencias electorais de limitar o voto das persoas maiores?
- Considera que o colectivo de persoas maiores adoita ser máis manipulable? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?